

# TALLER SR – PRÁCTICA 25 – Servizo WEB – Apache


Control de acceso por IP. Directivas: Order, Deny, Allow, Require. Sección: <RequireAll>

NÚMERO DE GRUPO	FUNCIONES	Apelidos, Nome
	Coordinador/a:	
	Responsable Limpeza:	
	Responsable Documentación:	

## ESCENARIO:

**Portátil:**  
Intranet  
**Hosts A, B, C:**  
∈ Intranet  
▷ Máquina virtual  
IP/MS: 10.10.10.10/8  
Servidor Web Apache

**Máquinas virtuales GNU/Linux:**  
▷ Host  
RAM ≤ 2048MB CPU ≤ 2 PAE/NX habilitado  
Rede: Bridge  
BIOS: Permite arranque dispositivo extraíble: CD/DVD, USB  
ISO: Kali Live amd64  
IP/MS: 10.10.10.XY/8, XY valor PC asignado  
Cliente Web (Navegador)



**LIMITACIÓN DE RESPONSABILIDADE** O autor do presente documento declina calquera responsabilidade asociada ao uso incorrecto e/ou malicioso que puidese realizarse coa información exposta no mesmo. Por tanto, non se fai responsable en ningún caso, nin pode ser considerado legalmente responsable en ningún caso, das consecuencias que poidan derivarse da información contida nel ou que esté enlazada dende ou hacia el, incluíndo os posibles erros e información incorrecta existentes, información difamatoria, así como das consecuencias que se poidan derivar sobre a súa aplicación en sistemas de información reais e/ou virtuais. Este documento foi xerado para uso didáctico e debe ser empregado en contornas privadas e virtuais controladas co permiso correspondente do administrador desas contornas.

Material necesario	Práctica: Servizo WEB – Apache – Control de acceso por IP
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Portátil</li> <li>■ Regleta</li> <li>■ Switch 5-Port Gigabit</li> <li>■ USB Live amd64 Kali</li> <li>■ Hosts alumnado</li> <li>■ Cableado de rede</li> <li>■ [1] <a href="#">Apache (v2.4)</a></li> <li>■ [2] <a href="#">Práctica SI Apache</a></li> <li>■ [3] <a href="#">Debian Handbook – Apache</a></li> <li>■ [4] <a href="#">Debian Wiki - Apache</a></li> <li>■ [5] <a href="#">Práctica 1</a></li> <li>■ [6] <a href="#">Práctica 23</a></li> <li>■ [7] <a href="#">Directivas Control Acceso IP/DNS</a></li> </ul>	<ol style="list-style-type: none"> <li>(1) Prerrequisito: Ter realizada a <a href="#">Práctica 1</a> [5] e a <a href="#">Práctica 23</a> [6]</li> <li>(2) Non conectar o switch á roseta da aula.</li> <li>(3) Conectar portátil e hosts do alumnado ao switch.</li> <li>(4) Portátil: <ol style="list-style-type: none"> <li>a) Arrancar co USB Live amd64 Kali.</li> <li>b) Revisar configuración de rede.</li> <li>c) Activar Apache (HTTP e HTTPS) e crear virtualhosts.</li> <li>d) Control de acceso por IP</li> <li>e) Solicitar contido web mediante HTTP e HTTPS</li> </ol> </li> <li>(5) Hosts alumnado: <ol style="list-style-type: none"> <li>a) Crear máquinas virtuales coa rede en modo “Bridge” e especificacións según escenario.</li> <li>b) Arrancar máquina virtual e comprobar conectividade co portátil.</li> <li>c) Solicitar contido mediante HTTP e HTTPS</li> </ol> </li> </ol>

## Procedemento:

- (1) Conectar no mesmo segmento de rede o portátil e os hosts do alumnado.
  - (a) Non conectar o switch á roseta da aula.
  - (b) Conectar a regleta á corrente eléctrica na vosa zona de traballo.
  - (c) Conectar o switch á regleta.
  - (d) Conectar o portátil ao switch.
  - (e) Conectar co cableado de rede creado na [Práctica 1](#) [5] os vosos equipos de alumnado ao switch.

### (2) Portátil:

- (a) Arrancar co USB Live Kali amd64.

- (b) Configurar a rede según o escenario. Abrir unha consola e executar:

```
$ setxkbmap es #Configurar teclado en español  
$ sudo su - #Acceder á consola de root(administrador) a través dos permisos configurados co comando  
sudo (/etc/sudoers, visudo)  
# /etc/init.d/avahi-daemon stop #Parar o demo avahi-daemon(control resolución de nomes) para  
poder configurar de forma manual a configuración de rede e non ter conflicto con este demo.  
# /etc/init.d/network-manager stop || pkill NetworkManager #Parar o demo network-  
manager(xestor de rede) ou o script NetworkManager (executado sen ser demo) para poder configurar  
doutro xeito (co comando ip(ifconfig) de forma manual ou mediante networking (ficheiros  
/etc/init.d/networking, /etc/init.d/networking.d) a configuración de rede e non ter conflicto con este  
xestor.  
# ip addr show eth0 #Amosar información sobre a NIC eth0.  
# ip addr add 10.10.10.10/8 dev eth0 #Configurar a tarxeta de rede eth0, coa IP: 10.10.10.10  
e máscara de subrede: 255.0.0.0  
# ip addr show eth0 #Amosar información sobre a NIC eth0.  
# ip route #Amosar a táboa de enrutamento.  
# cat /etc/resolv.conf #Ver o contenido do ficheiro /etc/resolv.conf, no cal configúranse os  
servidores DNS mediante a directiva nameserver.
```

Cubrir a seguinte táboa:

Host	IP	Máscara Subrede	Gateway	IP Servidores DNS (/etc/resolv.conf)
Portátil				

- (c) Avisar ao docente para a revisión. 1

- (d) Activar servidor Web Apache. Executar na anterior consola:

```
$ sudo su - #Acceder á consola de root(administrador) a través dos permisos configurados co comando  
sudo (/etc/sudoers, visudo)  
# /etc/init.d/apache2 status #Comprobar o estado do servidor web Apache.  
# /etc/init.d/apache2 start #Iniciar o servidor web Apache.  
# /etc/init.d/apache2 status #Comprobar o estado do servidor web Apache.  
# nc -vz IP_Portatil 80 #Substituir IP_Portatil polo seu valor (ver táboa apartado 2b).  
Mediante o comando nc(netcat) comprobar se o porto 80 do servidor web Apache está en estado  
escoita(listen), esperando conexións. A opción -v corresponde á opción verbose, o que permite amosar  
información más detallada na saída do comando. A opción -z permite devolver PROMPT do sistema e de  
igual xeito facer o escaneo ao/s porto/s solicitados. O número 80 é o porto TCP a escanear.
```

No caso da distribución Kali xa temos instalado o servidor web Apache, pero nunha distribución baseada en Debian poderíamos instalalo do seguinte xeito:

```
# apt update #Actualizar o listado de paquetes dos repositorios (/etc/apt/sources.list,  
/etc/apt/sources.list.d/)  
# apt search apache2 #Buscar calquera paquete que coincida co patrón de búsqueda apache2  
# apt -y install apache2 #Instalar o paquete apache2, é dicir, instalar o servidor web  
apache2. Co parámetro -y automaticamente asumimos yes a calquera pregunta que ocorra na instalación  
do paquete.
```

- (e) Activar configuración e certificado https (módulo SSL, puerto TCP 443) en Apache. Executar na anterior consola:

```
# a2ensite default-ssl #Habilitar o VirtualHost default-ssl, que configura o acceso a través de https (porto TCP 443)
# a2enmod ssl #Habilitar o módulo ssl que permite activar a configuración do VirtualHost default-ssl, que configura o acceso a través de https (porto TCP 443)
# /etc/init.d/apache2 restart #Reiniciar a configuración do servidor web Apache.
# nc -vz IP_Portatil 443 #Substituir IP_Portatil polo seu valor (ver táboa apartado 2b). Mediante o comando nc(netcat) comprobar se o puerto 443 do servidor web Apache está en estado escucha(listen), esperando conexións. A opción -v corresponde á opción verbose, o que permite amosar información más detallada na saída do comando. A opción -z permite devolver PROMPT do sistema e de igual xeito facer o escaneo ao/s porto/s solicitados. O número 443 é o puerto TCP a escanear.
```

- (f) Avisar ao docente para a revisión. <sub>2</sub>

(3) Portátil: Xerar virtualhost baseados en nome.

Veremos como poder aloxar páxinas de distintos dominios no mesmo servidor web mediante a configuración de hosts virtuais ou virtualhosts.

Os virtualhosts basicamente o que fan é permitir que un mesmo servidor web poida aloxar múltiples dominios, así configurando hosts virtuais podemos aloxar: exemplo1.local, exemplo2.local..., exemploN.local no mesmo servidor web. Cada empresa terá o seu virtualhost único e independente das demais.

Aínda que como se comentou anteriormente cada virtualhost é único e independente dos demás, todo aquilo que non estea incluído na definición de cada virtualhost herdarase da configuración principal: /etc/apache2/apache2.conf, así, se se quere definir unha directiva común en tódolos virtualhost non se debe modificar cada un dos virtualhost introducindo esa directiva senón que se debe definir esa directiva nun arquivo de configuración dentro de /etc/apache2/conf-available e empregar o comando a2enconf para habilitar esa configuración no servidor web Apache, de tal forma que todos os virtualhost herdarán esa directiva. Por exemplo en /etc/apache2/conf-available/security.conf pódese atopala directiva ServerSignature On, que engade unha liña contendo a versión do servidor e o nome do VirtualHost.

Existen tres tipos de virtualhost: baseados en nome, baseados en IP e baseados en varios servidores principais. Imos centrarnos nos virtualhost baseados en nome.

- (a) Engadir no directorio /etc/apache2/sites-available/ os seguintes bloques de configuración de virtualhosts. Cada bloque pertence a un arquivo .conf:

**Arquivo empresa1.conf (/etc/apache2/sites-available/empresa1.conf)**

```
#Configuración virtualhost: empresa1
<VirtualHost *:80>
    DocumentRoot /var/www/empresa1/
    ServerName www.empresa1.com
    ServerAlias empresa1.com empresa1.es www.empresa1.es
</VirtualHost>
```

**Arquivo empresa2.conf (/etc/apache2/sites-available/empresa2.conf)**

```
#Configuración virtualhost: empresa2
<VirtualHost *:443>
    DocumentRoot /var/www/empresa2/
    ServerName www.empresa2.com
    ServerAlias empresa2.com empresa2.es www.empresa2.es
</VirtualHost>
```

## Explicación bloques configuración virtualhost:

- <VirtualHost \*:80> → Inicio etiqueta virtualhost. Calquera IP do servidor WEB no porto TCP 80 está en estado listen para este virtualhost.
- DocumentRoot /var/www/empresa1/ → Definición da ruta onde está aloxada a páxina web no servidor, neste caso: /var/www/empresa1/ mediante a directiva DocumentRoot.
- ServerName www.empresa1.com → Definición do nome DNS que buscará a páxina aloxada na ruta anterior do servidor mediante a directiva ServerName. É o nome que escribes no navegador para visitar a páxina.
- ServerAlias empresa1.com → A directiva ServerAlias permite definir outros nomes DNS para a mesma páxina.
- </VirtualHost> → Fin da etiqueta VirtualHost: fin da definición deste virtualhost para empresa1.

(b) Xerar os directorios /var/www/empresa1 e /var/www/empresa2, os ficheiros index.html dentro deles e establecer permisos para que Apache poida acceder a esos ficheiros index.html.

Executar na anterior consola:

```
# mkdir /var/www/empresa1 /var/www/empresa2 #Crear os directorios /var/www/empresa1 e /var/www/empresa2  
# echo 'empresa1 contido' > /var/www/empresa1/index.html #Crear o ficheiro /var/www/empresa1/index.html co contido: empresa1 contido  
# echo 'empresa2 contido' > /var/www/empresa2/index.html #Crear o ficheiro /var/www/empresa2/index.html co contido: empresa2 contido  
# chown -R www-data. /var/www/empresa1 /var/www/empresa2 #Cambiar usuario propietario www-data e grupo propietario www-data a toda a árbore de ficheiros e directorios que colgan dos directorios /var/www/empresa1 e /var/www/empresa2
```

(c) Actualizar a configuración de Apache para ter en conta os novos cambios. Executar na anterior consola:

```
# a2ensite empresa1 #Comando que permite habilitar a configuración do VirtualHost empresa1, é decir, comando que permite habilitar o ficheiro do VirtualHost empresa1 situado no directorio /etc/apache2/sites-available/empresa1.conf engadindo a ligazón correspondente desde /etc/apache2/sites-enabled/empresa1.conf a /etc/apache2/sites-available/empresa1.conf  
# a2ensite empresa2 #Comando que permite habilitar a configuración do VirtualHost empresa2, é decir, comando que permite habilitar o ficheiro do VirtualHost empresa2 situado no directorio /etc/apache2/sites-available/empresa2.conf engadindo a ligazón correspondente desde /etc/apache2/sites-enabled/empresa2.conf a /etc/apache2/sites-available/empresa2.conf
```

(d) Actualizar o arquivo /etc/hosts. Executar na anterior consola:

```
# echo 'IP_Portatil www.empresa1.com empresa1.com empresa1.es www.empresa1.es' >> /etc/hosts #Substituir IP_Portatil polo seu valor (ver táboa apartado 2b). Engadir no ficheiro /etc/hosts, é decir, na táboa estática de búsqueda para nomes de host (DNS) os nomes www.empresa1.com, empresa1.com, empresa1.es e www.empresa1.es para que atendan á IP_Portatil
```

```
# echo ' IP_Portatil www.empresa2.com empresa2.com empresa2.es www.empresa2.es' >> /etc/hosts #Substituir IP_Portatil polo seu valor (ver táboa apartado 2b). Engadir no ficheiro /etc/hosts, é decir, na táboa estática de búsqueda para nomes de host (DNS) os nomes www.empresa2.com, empresa2.com, empresa2.es e www.empresa2.es para que atendan á IP_Portatil
```

(e) Recargar a configuración do servidor Apache. Executar na anterior consola:

```
# /etc/init.d/apache2 reload #Recargar a configuración do servidor web Apache.
```

(f) Lanzar un navegador e visitar as URLs:

- I. http://empresa1.es/index.html
- II. https://empresa1.es/index.html
- III. http://empresa2.es/index.html
- IV. https://empresa2.es/index.html

Indicar que acontece e o por que nos apartados anteriores (dende o I ata o IV).

(g) Avisar ao docente para a revisión. <sub>3</sub>

#### (4) Portátil: Control de acceso por IP. Directivas: Order, Deny, Allow

Actualmente as directivas: Order, Deny e Allow están en desuso e xa non son necesarias. Son substituidas pola directiva Require e o contenedor <RequireAll>

##### a) Executar na anterior consola:

```
# a2dissite empresa2 #Comando que permite deshabilitar a configuración do VirtualHost empresa2, é
#ditar, comando que permite deshabilitar o ficheiro do VirtualHost empresa2 situado no directorio
#/etc/apache2/sites-available/empresa2.conf eliminando a ligazón correspondente dende
#/etc/apache2/sites-enabled/empresa2.conf a /etc/apache2/sites-available/empresa2.conf
# /etc/init.d/apache2 reload #Recargar a configuración do servidor web Apache.
```

##### b) Modificar no directorio /etc/apache2/sites-available/ o bloque de configuración empresa2.conf, onde IP\_permiso\_concedido define a IP que únicamente ten permiso de acceso, sende neste caso a IP do portátil (#Substituír IP\_Portatil polo seu valor (ver táboa apartado 2b)

##### Arquivo empresa2.conf (/etc/apache2/sites-available/empresa2.conf)

```
#Configuración virtualhost: empresa2
<VirtualHost *:443>
    DocumentRoot /var/www/empresa2/
    ServerName www.empresa2.com
    ServerAlias empresa2.com empresa2.es www.empresa2.es
    Alias /cartafol-controlado "/var/www/empresa2/cartafol-controlado/"
    <Directory "/var/www/empresa2/cartafol-controlado/">
        Order deny,allow
        Deny from all
        #Allow from IP_permiso_concedido
        Allow from IP_Portatil
    </Directory>
</VirtualHost>
```

##### c) Crear o seguinte contido:

```
# mkdir -p /var/www/empresa2/cartafol-controlado #Crear a estrutura arbórea de directorios ata
inclusive o directorio cartafol-compartido

# echo 'Contido control' > /var/www/empresa2/cartafol-controlado/control.txt #Crear o
ficheiro control.txt no directorio anterior (/var/www/empresa2/cartafol-controlado → DocumentRoot)
```

##### d) Establecer permisos:

```
# chown -R www-data. /var/www/empresa2 #Cambiar usuario propietario www-data e grupo propietario
www-data a toda a árbore de ficheiros e directorios que colgan do directorio /var/www/empresa2
# chmod 500 /var/www/empresa2/cartafol-controlado #Cambiar os permisos ugo do cartafol
/var/www/empresa2/cartafol-controlado, é ditar, establecer os permisos r-x-----(soamente acceso de lectura
para o usuario propietario)
# chmod 400 /var/www/empresa2/cartafol-controlado/control.txt #Cambiar a só lectura os
permisos ugo do ficheiro control.txt situado en /var/www/empresa2/cartafol-controlado, é ditar, establecer
os permisos r-----(soamente lectura para o usuario propietario)
```

##### e) Activar o VirtualHost empresa2:

```
# a2ensite empresa2 #Comando que permite habilitar a configuración do VirtualHost empresa2, é ditar,
comando que permite habilitar o ficheiro do VirtualHost empresa2 situado no directorio /etc/apache2/sites-
available/empresa2.conf engadindo a ligazón correspondente dende
/etc/apache2/sites-enabled/empresa2.conf a /etc/apache2/sites-available/empresa2.conf
```

##### f) Actualizar a configuración de Apache para ter en conta os novos cambios:

```
# /etc/init.d/apache2 reload #Recargar a configuración do servidor web Apache.
```

##### g) Lanzar un navegador e visitar as URLs:

- I. http://empresa1.es/index.html
  - II. https://empresa1.es/index.html
  - III. http://empresa2.es/cartafol-controlado
  - IV. https://empresa2.es/cartafol-controlado
  - V. http://empresa2.es/cartafol-controlado/control.txt
  - VI. https://empresa2.es/cartafol-controlado/control.txt
- Indicar que acontece e o por que nos apartados anteriores (dende o I ata o VI).

##### h) Avisar ao docente para a revisión. 4

(5) Hosts alumnado:

(a) Crear unha máquina virtual en cada equipo do alumnado coas seguintes características (ver escenario):

- RAM ≥ 2048MB
- CPU ≥ 2
- PAE/NX habilitado
- Rede: Soamente unha tarxeta activada en modo bridge (ponte)
- ISO: Kali Live amd64
- Nome: Practica25-Cliente-WEB

(b) Arrancar a máquina virtual.

(c) Configurar a rede según o escenario. Executar nunha consola:

```
$ setxkbmap es #Configurar teclado en español  
$ sudo su - #Acceder á consola de root(administrador) a través dos permisos configurados co comando sudo (/etc/sudoers, visudo)  
# /etc/init.d/avahi-daemon stop #Parar o demo avahi-daemon(control resolución de nomes) para poder configurar de forma manual a configuración de rede e non ter conflicto con este demo.  
# /etc/init.d/network-manager stop || pkill NetworkManager #Parar o demo network-manager(xestor de rede) ou o script NetworkManager (executado sen ser demo) para poder configurar doutro xeito (co comando ip(ifconfig) de forma manual ou mediante networking (ficheiros /etc/init.d/networking, /etc/init.d/networking.d) a configuración de rede e non ter conflicto con este xestor.  
# ip addr show eth0 #Amosar información sobre a NIC eth0.  
# ip addr add 10.10.10.XY/8 dev eth0 #Configurar a tarxeta de rede eth0, coa IP: 10.10.10.XY e máscara de subrede: 255.0.0.0. O valor XY é o valor do PC que tedeis asignado. Así, o alumno 17 terá como IP a IP: 10.10.10.17  
# ip addr show eth0 #Amosar información sobre a NIC eth0.  
# ip route #Amosar a táboa de enrutamento.  
# cat /etc/resolv.conf #Ver o contenido do ficheiro /etc/resolv.conf, no cal configúranse os servidores DNS mediante a directiva nameserver.
```

Cubrir a seguinte táboa:

Máquina Virtual	IP	Máscara Subrede	Gateway	IP Servidores DNS (/etc/resolv.conf)
HostA				
HostB				
HostC				

(d) Comprobar a conectividade co portátil e co servidor WEB. Executar nunha consola:

```
$ setxkbmap es #Configurar teclado en español  
$ ping -c2 IP_Portatil #Substituir IP_Portatil polo seu valor (ver táboa apartado 2b). Comprobar mediante o comando ping a conectividade coa interface de rede do portátil  
$ nc -vz IP_Portatil 80 #Substituir IP_Portatil polo seu valor (ver táboa apartado 2b). Mediante o comando nc(netcat) comprobar se o porto 80 do servidor web Apache está en estado escoita(listen), esperando conexións. A opción -v corresponde á opción verbose, o que permite amosar información más detallada na saída do comando. A opción -z permite devolver PROMPT do sistema e de igual xeito facer o escaneo ao/s porto/s solicitados. O número 80 é o porto TCP a escanear.  
$ nc -vz IP_Portatil 443 #Substituir IP_Portatil polo seu valor (ver táboa apartado 2b). Mediante o comando nc(netcat) comprobar se o porto 443 do servidor web Apache está en estado escoita(listen), esperando conexións. A opción -v corresponde á opción verbose, o que permite amosar información más detallada na saída do comando. A opción -z permite devolver PROMPT do sistema e de igual xeito facer o escaneo ao/s porto/s solicitados. O número 443 é o porto TCP a escanear.
```

(e) Realizar de novo os apartados (3d) e (4g). Indicar que acontece e por que.

(f) Avisar ao docente para a revisión.  5

## (6) Portátil: Control de acceso por IP. Directiva Require

### a) Executar na anterior consola:

```
# a2dissite empresa2 #Comando que permite deshabilitar a configuración do VirtualHost empresa2, é decir, comando que permite deshabilitar o ficheiro do VirtualHost empresa2 situado no directorio /etc/apache2/sites-available/empresa2.conf eliminando a ligazón correspondente dende /etc/apache2/sites-enabled/empresa2.conf a /etc/apache2/sites-available/empresa2.conf  
# /etc/init.d/apache2 reload #Recargar a configuración do servidor web Apache.
```

### b) Modificar no directorio /etc/apache2/sites-available/ o bloque de configuración empresa2.conf, onde IP\_permiso\_concedido define a IP que únicamente ten permiso de acceso, sende neste caso a IP do portátil (#Substituir IP\_Portatil polo seu valor (ver táboa apartado 2b)

#### Arquivo empresa2.conf (/etc/apache2/sites-available/empresa2.conf)

```
#Configuración virtualhost: empresa2  
<VirtualHost *:443>  
    DocumentRoot /var/www/empresa2/  
    ServerName www.empresa2.com  
    ServerAlias empresa2.com empresa2.es www.empresa2.es  
    Alias /cartafol-controlado "/var/www/empresa2/cartafol-controlado/"  
    <Directory "/var/www/empresa2/cartafol-controlado/">  
        #Order deny,allow  
        #Deny from all  
        #Allow from IP_permiso_concedido  
        #Allow from IP_Portatil  
        #Require ip IP_permiso_concedido  
        Require ip IP_Portatil  
    </Directory>  
</VirtualHost>
```

### c) Activar o VirtualHost empresa2:

```
# a2ensite empresa2 #Comando que permite habilitar a configuración do VirtualHost empresa2, é decir, comando que permite habilitar o ficheiro do VirtualHost empresa2 situado no directorio /etc/apache2/sites-available/empresa2.conf engadindo a ligazón correspondente dende /etc/apache2/sites-enabled/empresa2.conf a /etc/apache2/sites-available/empresa2.conf
```

### d) Actualizar a configuración de Apache para ter en conta os novos cambios:

```
# /etc/init.d/apache2 reload #Recargar a configuración do servidor web Apache.
```

### e) Realizar de novo o apartado (4g). Indicar que acontece e por que.

### f) Avisar ao docente para a revisión.

## (7) Hosts alumnado: Máquinas virtuais Practica25-Cliente-WEB

### (a) Comprobar a conectividade co portátil e co servidor WEB. Executar nunha consola:

```
$ setxkbmap es #Configurar teclado en español  
$ ping -c2 IP_Portatil #Substituir IP_Portatil polo seu valor (ver táboa apartado 2b). Comprobar mediante o comando ping a conectividade coa interface de rede do portátil  
$ nc -vz IP_Portatil 80 #Substituir IP_Portatil polo seu valor (ver táboa apartado 2b). Mediante o comando nc(netcat) comprobar se o porto 80 do servidor web Apache está en estado escoita(listen), esperando conexións. A opción -v corresponde á opción verbose, o que permite amosar información máis detallada na saída do comando. A opción -z permite devolver PROMPT do sistema e de igual xeito facer o escaneo ao/s porto/s solicitados. O número 80 é o porto TCP a escanear.  
$ nc -vz IP_Portatil 443 #Substituir IP_Portatil polo seu valor (ver táboa apartado 2b). Mediante o comando nc(netcat) comprobar se o porto 443 do servidor web Apache está en estado escoita(listen), esperando conexións. A opción -v corresponde á opción verbose, o que permite amosar información máis detallada na saída do comando. A opción -z permite devolver PROMPT do sistema e de igual xeito facer o escaneo ao/s porto/s solicitados. O número 443 é o porto TCP a escanear.
```

### (b) Realizar de novo o apartado (4g). Indicar que acontece e por que.

NOTA: Revisar o apartado (3d) para que o ficheiro /etc/hosts sexa o correcto.

### (c) Avisar ao docente para a revisión.

## (8) Portátil: Control de acceso por IP. Directiva `Require` e Sección `<RequireAll>`

a) Executar na anterior consola:

```
# a2dissite empresa2 #Comando que permite deshabilitar a configuración do VirtualHost empresa2, é
# dicir, comando que permite deshabilitar o ficheiro do VirtualHost empresa2 situado no directorio
# /etc/apache2/sites-available/empresa2.conf eliminando a ligazón correspondente desde
# /etc/apache2/sites-enabled/empresa2.conf a /etc/apache2/sites-available/empresa2.conf
# /etc/init.d/apache2 reload #Recargar a configuración do servidor web Apache.
```

b) Modificar no directorio `/etc/apache2/sites-available/` o bloque de configuración `empresa2.conf`, onde `IP_permiso_concedido` define a IP que únicamente non ten permiso de acceso, sendo neste caso a IP do portátil (#Substituir `IP_Portatil` polo seu valor (ver táboa apartado 2b)

### Arquivo `empresa2.conf` (`/etc/apache2/sites-available/empresa2.conf`)

```
#Configuración virtualhost: empresa2
<VirtualHost *:443>
    DocumentRoot /var/www/empresa2/
    ServerName www.empresa2.com
    ServerAlias empresa2.com empresa2.es www.empresa2.es
    Alias /cartafol-controlado "/var/www/empresa2/cartafol-controlado/"
    <Directory "/var/www/empresa2/cartafol-controlado/">
        <RequireAll>
            Require all granted
            Require not ip IP_Portatil
        </RequireAll>
    </Directory>
</VirtualHost>
```

c) Activar o VirtualHost `empresa2`:

```
# a2ensite empresa2 #Comando que permite habilitar a configuración do VirtualHost empresa2, é dicir,
# comando que permite habilitar o ficheiro do VirtualHost empresa2 situado no directorio /etc/apache2/sites-
# available/empresa2.conf engadindo a ligazón correspondente desde
# /etc/apache2/sites-enabled/empresa2.conf a /etc/apache2/sites-available/empresa2.conf
```

d) Actualizar a configuración de Apache para ter en conta os novos cambios:

```
# /etc/init.d/apache2 reload #Recargar a configuración do servidor web Apache.
```

e) Realizar de novo o apartado (4g). Indicar que acontece e por que.

f) Avisar ao docente para a revisión.  8

## (9) Hosts alumnado: Máquinas virtuais Practica25-Cliente-WEB

(a) Comprobar a conectividade co portátil e co servidor WEB. Executar nunha consola:

```
$ setxkbmap es #Configurar teclado en español
$ ping -c2 IP_Portatil #Substituir IP_Portatil polo seu valor (ver táboa apartado 2b). Comprobar
mediante o comando ping a conectividade coa interface de rede do portátil
$ nc -vz IP_Portatil 80 #Substituir IP_Portatil polo seu valor (ver táboa apartado 2b). Mediante
o comando nc(netcat) comprobar se o porto 80 do servidor web Apache está en estado escoita(listen),
esperando conexións. A opción -v corresponde á opción verbose, o que permite amosar información máis
detallada na saída do comando. A opción -z permite devolver PROMPT do sistema e de igual xeito facer o
escaneo ao/s porto/s solicitados. O número 80 é o porto TCP a escanear.
$ nc -vz IP_Portatil 443 #Substituir IP_Portatil polo seu valor (ver táboa apartado 2b). Mediante
o comando nc(netcat) comprobar se o porto 443 do servidor web Apache está en estado escoita(listen),
esperando conexións. A opción -v corresponde á opción verbose, o que permite amosar información máis
detallada na saída do comando. A opción -z permite devolver PROMPT do sistema e de igual xeito facer o
escaneo ao/s porto/s solicitados. O número 443 é o porto TCP a escanear.
```

(b) Realizar de novo o apartado (4g). Indicar que acontece e por que.

NOTA: Revisar o apartado (3d) para que o ficheiro `/etc/hosts` sexa o correcto.

(c) Avisar ao docente para a revisión.

(10) Razoa e contesta brevemente:

- (a) Modificamos o arquivo `empresa2.conf` do apartado (4b) para que a IP a permitir fose a IP da máquina virtual Practica25-Cliente-WEB do host A do alumnado.

Que acontece se realizamos de novo o apartado (4g) dende o portátil e as máquinas virtuais xeradas nos hosts do alumnado? Por que?

NOTA: Lembra antes de modificar o arquivo `empresa2.conf` deshabilitar o sitio(virtualhost) `empresa2`, e logo de modificalo lembra recargar a configuración de Apache para que os cambios realizados sexan efectivos.

- (b) Modificamos o arquivo `empresa2.conf` do apartado (8b) tal que así:

**Arquivo `empresa2.conf` (/etc/apache2/sites-available/empresa2.conf)**

```
#Configuración virtualhost: empresa2
<VirtualHost *:443>
    DocumentRoot /var/www/empresa2/
    ServerName www.empresa2.com
    ServerAlias empresa2.com empresa2.es www.empresa2.es
    Alias /cartafol-controlado "/var/www/empresa2/cartafol-controlado/"
    <Directory "/var/www/empresa2/cartafol-controlado/">
        Options -Indexes
        <RequireAll>
            Require all granted
            Require not ip 10.10.10.10
        </RequireAll>
    </Directory>
</VirtualHost>
```

Que acontece se realizamos de novo o apartado (4g) dende o portátil e as máquinas virtuais xeradas nos hosts do alumnado? Por que?

NOTA: Lembra antes de modificar o arquivo `empresa2.conf` deshabilitar o sitio(virtualhost) `empresa2`, e logo de modificalo lembra recargar a configuración de Apache para que os cambios realizados sexan efectivos.

- (c) Modificamos o arquivo `empresa2.conf` do apartado (8b) tal que así:

**Arquivo `empresa2.conf` (/etc/apache2/sites-available/empresa2.conf)**

```
#Configuración virtualhost: empresa2
<VirtualHost *:443>
    DocumentRoot /var/www/empresa2/
    ServerName www.empresa2.com
    ServerAlias empresa2.com empresa2.es www.empresa2.es
    Alias /cartafol-controlado "/var/www/empresa2/cartafol-controlado/"
    <Directory "/var/www/empresa2/cartafol-controlado/">
        <RequireAll>
            Require all granted
            Require not ip 10.10.10
        </RequireAll>
    </Directory>
</VirtualHost>
```

Que acontece se realizamos de novo o apartado (4g) dende o portátil e as máquinas virtuais xeradas nos hosts do alumnado? Por que?

NOTA: Lembra antes de modificar o arquivo `empresa2.conf` deshabilitar o sitio(virtualhost) `empresa2`, e logo de modificalo lembra recargar a configuración de Apache para que os cambios realizados sexan efectivos.

(d) Modificamos o arquivo `empresa2.conf` do apartado (8b) tal que así:

**Arquivo `empresa2.conf` (`/etc/apache2/sites-available/empresa2.conf`)**

```
#Configuración virtualhost: empresa2
<VirtualHost *:443>
    DocumentRoot /var/www/empresa2/
    ServerName www.empresa2.com
    ServerAlias empresa2.com empresa2.es www.empresa2.es
    Alias /cartafol-controlado "/var/www/empresa2/cartafol-controlado/"
    <Directory "/var/www/empresa2/cartafol-controlado/">
        <RequireAll>
            Require all granted
            Require not ip IP_Portatil
            Require not ip IP_MV_HostB
            Require not ip IP_MV_HostC
        </RequireAll>
    </Directory>
</VirtualHost>
```

*Substituír `IP_Portatil`, `IP_MV_HostB` e `IP_MV_HostC` polo seu valores (ver táboas apartado 2b e 5c)*

Que acontece se realizamos de novo o apartado (4g) dende o portátil e as máquinas virtuais xeradas nos hosts do alumnado (A, B e C)? Por que?

NOTA: Lembra antes de modificar o arquivo `empresa2.conf` deshabilitar o sitio(virtualhost) `empresa2`, e logo de modificalo lembra recargar a configuración de Apache para que os cambios realizados sexan efectivos.

(e) Modificamos o arquivo `empresa2.conf` do apartado (8b) tal que así:

**Arquivo `empresa2.conf` (`/etc/apache2/sites-available/empresa2.conf`)**

```
#Configuración virtualhost: empresa2
<VirtualHost *:443>
    DocumentRoot /var/www/empresa2/
    ServerName www.empresa2.com
    ServerAlias empresa2.com empresa2.es www.empresa2.es
    Alias /cartafol-controlado "/var/www/empresa2/cartafol-controlado/"
    <Directory "/var/www/empresa2/cartafol-controlado/">
        <RequireAll>
            Require all granted
            Require not ip IP_Portatil
            Require not ip IP_MV_HostB
            Require not ip IP_MV_HostC
            Require not host MVHostA.local
            #Require non host MVHostA
        </RequireAll>
    </Directory>
</VirtualHost>
```

*Substituír `IP_Portatil`, `IP_MV_HostB` e `IP_MV_HostC` polo seu valores (ver táboas apartado 2b e 5c)*

Na máquina virtual Practica25-Cliente-WEB do host A do alumnado modificar o hostname e activar avahi-daemon . Así, executar nunha consola:

```
$ setxkbmap es #Configurar teclado en español
$ sudo su - #Acceder á consola de root(administrador) a través dos permisos configurados co comando sudo (/etc/sudoers, visudo)
# echo 'MVHostA' > /etc/hostname #Indicar ao sistema o valor do hostname.
# echo 'kernel.hostname=MVHostA' >> /etc/sysctl.conf #Indicar ao kernel o valor do hostname.
# sysctl -p #Activar o cambio de hostname sen ter que pechar sesión nin reiniciar
# cat /etc/nsswitch.conf #Ver o contido do ficheiro de configuración /etc/nsswitch.conf, o cal na "base de datos" hosts determina a orde de procura da resolución DNS do equipo local.
# grep hosts /etc/nsswitch.conf #Buscar o patrón hosts en /etc/nsswitch.conf, é dicir, ver o contido do ficheiro de configuración /etc/nsswitch.conf referente á "base de datos" hosts, o cal determina a orde de procura da resolución DNS do equipo local.
# /etc/init.d/avahi-daemon start #Arrancar o demo avahi-daemon(control resolución de nomes) para activar o nome dns $(hostname).local, é dicir o nome FQDN MVHostA.local
# /etc/init.d/avahi-daemon status #Comproba o estado do demo avahi-daemon(control resolución de nomes).
# ping -c2 $(hostname).local #Comprobar conectividade coa máquina máquima MVHostA.local. Para iso, lese a "base de datos" hosts do ficheiro /etc/nsswitch.conf, comprobando as fontes que aparecen de esquerda a dereita, sendo a primeira que aparece files, co cal, compróbase no ficheiro /etc/hosts se existen
```

unha entrada referente ao nome do equipo resultado da execución \$(hostname), que apunte a unha IP á cal enviar os paquetes ICMP do comando ping. E como non existe, compróbase coa segunda entrada mdns4\_minimal [NOTFOUND=return] a cal emprega o servizo avahi-daemon: se este servizo resolve producícese o envío dos paquetes ICMP do comando ping, e se este servizo non resolve o código [NOTFOUND=return] indica que non se continúa buscando nas seguintes fontes.

```
# exit #Saír da consola local sudo na que estabamos a traballar para voltar á consola local de kali.  
$ exit #Pesar o terminal saíndo da consola local do usuario kali
```

Que acontece se realizamos de novo o apartado (4g) dende o portátil e as máquinas virtuais xeradas nos hosts do alumnado (A, B e C)? Por que?

NOTA<sup>1</sup>: Lembra antes de modificar o arquivo empresa2.conf deshabilitar o sitio(virtualhost) empresa2, e logo de modificalo lembra recargar a configuración de Apache para que os cambios realizados sexan efectivos.

NOTA<sup>2</sup>: Lembra que os comandos nslookup, host e dig son resolvers dns e a non ser que se lle indique o servidor dns onde facer as consultas empregaran os configurados no ficheiro /etc/resolv.conf

(f) Avisar ao docente para a entrega e revisión da práctica.  <sub>10</sub>

## Revisión:

<sup>1</sup>  <sup>2</sup>  <sup>3</sup>  <sup>4</sup>  <sup>5</sup>  <sup>6</sup>  <sup>7</sup>  <sup>8</sup>  <sup>9</sup>  <sup>10</sup>